

ACTA FINAL DA SESIÓN CELEBRADA POLO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO DE SELECCIÓN DUN EMPREGO DE CARÁCTER LABORAL TEMPORAL DE VARREDOR/A A TEMPO PARCIAL (75% XORNADA-6 H/DÍA) AO ABEIRO DO PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2020 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, PARA O CONCELLO DE MONDOÑEDO

Na Casa do Concello de Mondoñedo, sendo as dez e vinte e cinco horas do 15 de xuño de 2021, constitúese o Tribunal cualificador do PROCESO DE SELECCIÓN DUN EMPREGO DE CARÁCTER LABORAL TEMPORAL DE VARREDOR/A, A TEMPO PARCIAL (75%-6 H/DÍA) AO ABEIRO DO PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2020 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, PARA O CONCELLO DE MONDOÑEDO. A continuación procédese á realización do baremo de méritos, rematando a súa realización ás 10:35 horas.

A proba de oposición comeza ás 10:40 e remata ás 10:55 h.

Preside o acto D.^a Montserrat López González, Traballadora Social do Concello. A secretaria do tribunal é D.^a Remedios Rego Villalba, Secretaria Interventora Accidental do Concello, asistindo como vogais D.^a Sonia María Fraga Otero, Traballadora Social do Concello, D.^a María Esther Otero González, responsable da Oficina de Información Xuvenil, e D. José Manuel Otero Corral, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Mondoñedo.

Realizada en sesión non pública a valoración dos méritos acreditados polos candidatos/as admitidos/as e segundo o baremo e o resultado da fase de oposición, contido nas Bases da Convocatoria (Base Sétima), obtívose o resultado seguinte:

Apelidos e Nome	DNI	Experiencia Profesional	Formación	Criterio Social	Proba Oposición	Total
RODRÍGUEZ GARCÍA, CÉSAR	***6300**	3,00	0,00	2,00	9,50	14,50

Unha vez realizada a proba da fase de oposición, advírteselle ao candidato que ten que súperar a proba de Galego: D. César Rodríguez García con DNI ***6300**, da realización da proba de galego, polo que o candidato que ten a obriga de realizala, renuncia ao dereito de que transcorran 48 h entre a proba práctica e a proba de galego.

A proba de galego comeza ás 11:00 h e remata ás 11:18 h.

Ás 11:18 h. remátase o proceso selectivo.

Á vista do resultado da baremación e da proba de oposición, o Tribunal Cualificador acordou propoñer como aprobado para cubrir un emprego de carácter laboral temporal, a tempo parcial, de Varredor do Excmo. Concello de Mondoñedo a D. César Rodríguez García con DNI ***6300**.

E para que conste, aos efectos oportunos, esténdese a presente acta que en proba da súa conformidade asinan os membros do Tribunal Cualificador, e de todo o que, como secretaria, certifico.